



[REDACTED] domicilio a efectos de notificación na rúa Santo André nº 36 – 1º (Edificio do Circo de Artesáns da Coruña), correo electrónico info@memoriadacoruna.gal, [REDACTED] en calidade de presidente da **Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña** (NIF nº G70026687)

EXPÓN

Que por medio do presente escrito, solicítase do Concello da Coruña actuacións urxentes (orde de execución) para o cumprimento do recollido na lexislación e normativa municipal a respecto dos deberes legais de conservación e rehabilitación da antiga prisión provincial da Coruña, en base aos seguintes

ANTECEDENTES

1. Que o antigo cárcere provincial da Coruña, situado na zona da Torre, foi construído nun terreo cedido polo Concello da Coruña modalmente á Administración do Estado en 1925, e foi inaugurado en 1927.
2. O edificio foi desafectado polo Estado como cárcere no ano 1998, deixándoo sen uso definido e, dende entón, en estado de total abandono respecto ao seu mantemento, rehabilitación e conservación.
3. No ano 2005, o Concello da Coruña asinou un convenio coa SIEPSE, dependente da Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias (Ministerio do Interior), polo que a Administración local acorda aboar algo máis de 1,2 millóns de euros ao citado ministerio e ceder unha parcela de nove mil metros cadrados para a construción dun centro de reinserción social (en funcionamento na actualidade).
4. No ano 2013, o Concello da Coruña reclamou ao Goberno central a reversión gratuíta do antigo cárcere provincial, argumentando que o inmovible fora cedido polo Concello ao Estado a título gratuíto para a súa construción e uso como cárcere provincial, ao quedar desafectada para eses usos. Dita petición foi denegada pola Administración Xeral do Estado.

5. A partir dos antecedentes aquí descritos, xorde un conflito entre as dúas administracións implicadas, que orixina unha serie de iniciativas sociais e políticas a nivel local e galego, reclamando todas elas a responsabilidade do Estado na conservación e mantemento do edificio, así como a cesión gratuíta do antigo cárcere en diferentes ocasións. Sirvan como exemplo o acordo adoptado por unanimidade no Pleno do Concello da Coruña na sesión celebrada o 3 de decembro de 2020, polo que se instaba ao goberno municipal a iniciar negociacións co Goberno central para solicitar a cesión do edificio do antigo cárcere ao Concello da Coruña unha vez que estea rehabilitado. Tamén o acordo adoptado el 11 de xaneiro de 2023, no que se recolleu, entre outras cuestións, a necesidade dun novo convenio coa SIEPSE, con prazos e condicións para a reversión gratuita do inmovible, e compromisos orzamentarios do Estado para a rehabilitación e posta en valor do edificio. Ou por último exemplo, o acordo adoptado por unanimidade no Parlamento de Galiza o 3 de xuño de 2014 na aprobación dunha Proposición non de Lei que instaba á Xunta de Galiza a desenvolver as accións necesarias ante o Ministerio do Interior, en colaboración co Concello da Coruña, para conseguir unha cesión de balde da antiga prisión provincial e solicitar a nulidade do acordo de convenio do ano 2005.
6. Desde a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, entendemos que non existen razóns que amporen a negativa da Administración Xeral do Estado á cesión de balde do inmovible, toda vez que o Ministerio do Interior si cedeu de balde outras antigas prisións como foron os casos da antiga prisión de Zamora, ou máis recente, a de Granada.
7. En novembro de 2024, un xulgado de primeira instancia da Coruña, declaraba nulo o convenio que asinaran o Concello e o Estado en 2005, interpoñendo SIEPSE recurso de apelación, en trámite.
8. Con independencia de los avatares administrativos y xudiciais, a realidade é que o Estado-SIEPSE foi, y sigue a ser propietario e dono do inmovible, sen que existisen ou exista limitación ou restrición algunha aos seus dereitos e obrigas asociadas a o seu título e condición de propietario, entre elas as relativas aos deberes de conservación e rehabilitación, reforzadas ao tratarse dun ben catalogado.
9. O edificio da antiga prisión provincial da Coruña está catalogado polo planeamento municipal (Nivel II, de protección estrutural), a pesar do cal o Estado incumpriu e incumpre as súas obrigas legais de conservación e rehabilitación, xerando coa súa pasividade mantida no tempo, o lamentable e ruinoso estado que actualmente presenta o edificio. Deberes legais de conservación e rehabilitación que lle impón tanto a normativa básica estatal como a autonómica (art. 32 Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galiza, art. 24 de la Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galiza y art. 135 de la Lei 2/2016, do solo de Galiza) e local

(determinacións normativas do Plan Xeral de Ordenación Municipal-PXOM-BOP de 09/07/2013 e da Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmobles-BOP de 21/03/2022).

10. Achégase a esta escrito, fotografías do exterior do estado actual da edificación¹, acreditativas do estado lamentable do mesmo, tanto en cubertas como estrutura exterior. Obviamente, dada a imposibilidade de acceso ao seu interior non se poden adxuntar o estado actual do mesmo. Non obstante, constan nos servizos municipais suficiente información e documentación acreditativa do seu estado interior, resultado do incuprimento das obrigas de mantemento, conservación e rehabilitación por parte do seu propietario (SIEPSE-Ministerio do Interior).
11. A antiga prisión provincial da Coruña representa un lugar singular na memoria da represión franquista na cidade da Coruña e a súa comarca. Por esas instalacións obrigouse a penar en condicións inhumanas a moitas persoas que sufriron as penalidades da brutal barbarie franquista, ou foron executados inxustamente baixo sentenzas de tribunais ilexítimos. Neste sentido, a entidade que subscribe o presente escrito, está na fase final dunha investigación que documenta estas penalidades e que servirá para presentar próximamente ante a Dirección Xeral de Atención ás Vítimas e Promoción da Memoria Democrática, a solicitude de incoación de expediente para a declaración da antiga prisión provincial da Coruña como Lugar de Memoria Democrática, de acordo co establecido na Sección 4º de la Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática, relativa aos Lugares de Memoria Democrática.
12. Dadas as finalidades e obxectivos desta entidade, en relación coa recuperación da memoria histórica, e dos lugares e inmobles a ela asociada, o cal xa lle consta a este Concello, entendemos que esta entidade debe considerarse como parte interesada no referido ao expediente de orde de execución, sen prexuízo, subsidiariamente, da consideración deste escrito como denuncia.

En base ás consideracións e antecedentes expresados, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña,

SOLICITA

1º. Que o Concello da Coruña exerza as súas competencias relativas aos deberes legais de conservación e rehabilitación que lle impón á SIEPSE-Estado, e demande a esta administración como propietaria da antiga prisión provincial da Coruña, o cumprimento da normativa básica estatal como a autonómica (art. 32 Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galiza, art. 24 de la Lei 1/2019 de rehabilitación e de

¹ Anexo fotográfico con imaxes realizadas o 12 de maio de 2025.

rexeneración e renovación urbanas de Galiza y art. 135 de la Lei 2/2016, do solo de Galiza) e local (determinacións normativas do Plan Xeral de Ordenación Municipal-PXOM-BOP de 09/07/2013 e da Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmobles-BOP de 21/03/2022).

2º. A tal efecto, e de conformidade co sinalado no apartado anterior e coa normativa legal de aplicación (art 9 e ss da Ordenanza municipal, en relación cos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016 do Solo de Galiza), instase do Concello da Coruña a, previa incoación do preceptivo expediente, ordenar a SIEPSE mediante a correspondente orde de execución á realización das tarefas de conservación, mantemento e rehabilitación do dito inmovible.

3º. Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, e motivado polo evidente incumprimento dos deberes legais de conservación e rehabilitación do citado inmovible por parte do SIEPSE-Estado mantido no tempo, se proceda á apertura do correspondente expediente sancionador de acordo co establecido na Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmobles-BOP de 21/03/2022.

4º. Un acordo institucional que permita a reversión e cesión gratuita ao Concello de A Coruña.

5º. Se teña por parte interesada a esta entidade nas actuacións municipais relativas aos apartados 1º e 2º deste escrito.

A Coruña, a 12 de maio de 2025

EXMA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

ANEXO FOTOGRÁFICO



